

MANIFESTO, DÍA DA PAZ

Neste día escolar da Paz e a non-violencia, as nenas e nenos do colexio Santa Baia, queremos berrar ben forte... SI Á PAZ, NON Á VIOLENCIA.

Somos nenos pero dámonos conta do que pasa. Sabemos que hai lugares no noso mundo con violencia e guerra. Vemos pola tele moitos nenos e nenas que teñen que emigrar das súas terras empobrecidas para poder vivir.

En todos os casos de violencia e inxustiza, os que máis perden son os máis pequenos. Por iso lles dicimos ás persoas maiores que mandan no mundo: EH, GOVERNANTES, NON QUEREMOS GUERRAS! Facede leis que non as permitan!

Temos un soño; un mundo onde todas as persoas podamos rir e non chorar polas vítimas do terrorismo, do racismo, ou da violencia. Un mundo onde nenos e nenas poidamos xogar, correr, bailar, medrar, estudar, navegar por "internet" e non se morra por falta de vacinas, menciñas ou alimentos. Un mundo en que todos sexamos amigos e non rivais.

Soñamos cun mundo no que si se poda vivir en Paz. Imaxinamos un mundo no que podamos vivir porque "hai sitio para todos". Por iso os alumnos do "cole" unímonos para derrubar os muros do odio, da violencia e do resentimento; para romper as varandas que marxinan aos que non son coma nós, aos que non pensan coma nós nin medran o mesmo que nós; para abrir as portas dos nosos prexucios aos que teñen outra cor de pel; para asaltar as torres das sospeita e a desconfianza ante quen ten unha lingua e cultura diversa á nosa.

Pero non queremos que sexa só un soño. Sabemos que a xustiza e a Paz as poderemos conquistar entre todos se traballamos desde agora botando unha man a quen o necesita, cando perdoemos de corazón a quen nos molestou. E hoxe, todos e todas berramos xuntos en favor da PAZ.

NENAS, NENOS, MESTRAS, MESTRES... ESTE É O NOSO BERRO, ESTA É A NOSA ILUSIÓN...

REPETIDE COMIGO:

QUE HAXA PAZ NO MUNDO!!!!

Todos xuntos: QUE HAXA PAZ NO MUNDO!!!